

Alfonso Piñeiro Funcasta, profesor de ensino secundario.
Juan Carlos Varela Vázquez, profesor de ensino secundario.

José M. Mesías Muñiz, profesor de ensino secundario.
Juan Luís Neira González, profesor de ensino secundario.

Manuel Lestón Martínez, profesor de ensino secundario.
José Luis Vázquez Fernández, profesor de ensino secundario.

Miguel Reza Pérez, profesor de ensino secundario.
Ana Salorio Fernández, profesora de ensino secundario.
Jesús M. Vázquez Sánchez, profesor de ensino secundario.

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Orde do 3 de febreiro de 2005 pola que se convocan subvencións a particulares, asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais.

O asociacionismo cultural ten un forte enraizamento na sociedade galega. Galicia goza de múltiples asociacións que veñen realizando un inxente labor de potenciación e creación do día a día da cultura en todos os seus campos, así como actividades de recuperación da nosa memoria histórico-cultural, contribuíndo así ao acceso á cultura da poboación galega.

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo quere pois contribuír, desde as súas posibilidades, á promoción e desenvolvemento das actividades culturais de especial relevancia e difusión, tanto as de carácter puntual como aquelas que teñan unha continuidade no tempo realizadas polas entidades culturais galegas. Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Finalidade e obxecto.

Convócanse subvencións a particulares, asociacións e institucións culturais de Galicia, destinadas á realización de actividades nos campos de promoción e cooperación cultural, e da difusión e animación sociocultural que contribúan á difusión e promoción da cultura galega.

Artigo 2º.-Imputación orzamentaria e contía.

1. A convocatoria realízase con cargo á aplicación orzamentaria 10.02.353.A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005, por un importe de douscentos vinte e tres mil euros (223.000 €), e queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. A contía de cada subvención non poderá superar a cantidade de trinta mil euros (30.000 €).

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán optar a estas subvencións os particulares, as asociacións e institucións culturais legalmente constituídas, sen ánimo de lucro, con domicilio social en Galicia, así como as que realicen as súas actividades culturais, de interese xeral, na Comunidade Autónoma de Galicia, que sexan de especial relevancia cultural e de repercusión no ámbito autonómico ou provincial e cunha acreditada continuidade no tempo.

2. Quedan excluídas aquelas que anteriormente recibisen algunha outra subvención da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e non xustificasen o seu investimento.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes, prazo e documentación.

1. Os que desexen acollerse a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude no prazo de 40 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, mediante instancia dirixida ao conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo segundo modelo que figura como anexo desta orde, e presentarana no rexistro xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, nos rexistros das delegacións provinciais desta ou por calquera dos outros medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Á solicitude xuntarase a documentación seguinte:

-Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade.

-Declaración do solicitante das subvencións solicitadas para o mesmo fin ás administracións públicas.

-Memoria explicativa detallada do programa de actividades que se pretenden realizar indicando o ámbito territorial e social destas.

-Orzamento de ingresos e gastos da actividade, con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados.

-Memoria en que se describan as actividades culturais realizadas ata o ano 2004 polo solicitante.

Signifícase que estas subvencións poderán ser compatibles con outras para o mesmo fin, sempre que o importe total das subvencións non supere o investimento previsto para as actividades obxecto da subvención.

Artigo 5º.-Valoración e resolución.

1. Recibidas as solicitudes de subvención e demais documentación, serán analizadas e valoradas por unha comisión presidida polo subdirector xeral de Promoción Cultural, do Libro e Bibliotecas e composta polo xefe de Servizo de Promoción e Difusión Cultural e o xefe de Servizo do Libro e Bibliotecas

e un funcionario que actuará como secretario segundo os criterios de valoración que se detallan a seguir:

a) Importancia e interese cultural das actividades propostas no proxecto presentado, con especial valoración dos proxectos que contribúan á difusión da cultura galega.

b) Ámbito territorial e social do proxecto.

c) Carácter continuado e non ocasional do proxecto, así como a súa proxección social.

d) Valoración económica do proxecto.

2. Unha vez analizadas e valoradas as solicitudes, a directora xeral de Promoción Cultural elevará proposta ao conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo que resolverá, dentro das disponibilidades orzamentarias.

Artigo 6º.-Pagamentos e xustificación.

1. Unha vez concedida a subvención e aceptada por escrito polo beneficiario, librarase a cantidade adxudicada, de acordo co establecido na normativa orzamentaria que sexa aplicable.

6.2. Os beneficiarios da subvención quedarán obrigados a xustificar as subvencións concedidas, no prazo dos 10 días hábiles posteriores ao da realización das actividades e, en todo caso, antes do 1 de novembro do ano 2005, mediante a presentación dos xustificantes acreditativos, o orixinal e dúas fotocopias, de que a actividade foi realizada, xunto coa relación detallada destes, cunha memoria das actividades desenvolvidas en relación coa finalidade da axuda concedida, así como dous exemplares da publicidade xerada.

Artigo 7º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas por escrito, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, debendo comunicar á Dirección Xeral de Promoción Cultural o lugar, o día e a hora da actividade subvencionada. A Dirección Xeral de Promoción Cultural poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos.

2. Os beneficiarios da subvención farán constar en toda a publicidade xerada pola actividade subvencionada que recibiron unha subvención da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo -Dirección Xeral de Promoción Cultural- utilizando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia; cumprirán, así mesmo, coa normativa vixente exixida para o depósito legal.

3. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o petionario deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

4. Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 8º.-Anulación e reintegro da axuda.

No caso de que o beneficiario da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo instruirá expediente sancionador, de conformidade co previsto na vixente Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e, se procede, anulará os beneficios concedidos e solicitará a devolución das cantidades percibidas, se as houber, segundo o procedemento que establece o Regulamento xeral de recadación.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais o internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 9º.-Notificación e desestimación.

Notificada a resolución no prazo de seis meses a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes, e no caso daquelas que foran desestimadas, o solicitante poderá, a partir desta data, retirar a documentación no prazo dos 30 días seguintes. Transcorrido este prazo archivarase sen máis trámite.

No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo previsto, o sentido do silencio será negativo.

Artigo 10º.-Resolución.

Contra os ditos actos resolutivos, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a recepción da notificación da resolución, ou potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición perante o conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Promoción Cultural para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2005.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social
e Turismo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A PARTICULARES, ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS CULTURAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CJ205A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF / NIF	
APELIDOS		NOME	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	ÁMBITO DA ENTIDADE

E na súa representación:

APELIDOS		NOME		DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO		

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

Proxecto para realizar: _____
Ámbito territorial de realización do proxecto: _____
Cantidade solicitada: _____ Contía do proxecto: _____

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

☐ Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal. ☐ Memoria explicativa das actividades que se queren realizar. ☐ Orzamento de ingresos e gastos. ☐ Breve memoria das actividades realizadas ata o ano 2004 e traxectoria cultural desta.

OBSERVACIÓNS

--

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 3 de febreiro de 2005 pola que se convocan subvencións a particulares, asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais.
- Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei de orzamentos xerais da CAG para 2005.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

_____ de _____ de _____

Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DO EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Decreto 29/2005, do 3 de febreiro, polo que se modifica o catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 166/1986, do 4 de xuño.

A publicación da Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, estableceu un novo tipo de máquinas recreativas denominadas máquinas tipo A especial.

A Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo modificou o artigo 6 a) da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia no sentido de eliminar o xogo de Póker-Keno-Ruleta da Fortuna e establecer a posibilidade de que nos casinos da comunidade autónoma se xoge ao póker en calquera das variantes que regulamentariamente se establezan.

O artigo 21 da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, require que os xogos e apostas regulados na lei, para seren practicados, estean previamente incluídos no catálogo. As máquinas A especial, creadas pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, e o póker, tal como se autoriza nesta lei, non figuran no vixente catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para permitir a práctica de ambos os dous xogos faise necesario a modificación do articulado do catálogo nos seguintes puntos: artigo 1 no seu punto 3 e artigo 2.

Cómpre, en consecuencia, adaptar a normativa en vigor e colmar a lagoa coa inclusión dos novos xogos no catálogo.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local, de acordo coa Comisión do Xogo de Galicia, e de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e tras a deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día tres de febreiro de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo 1º

O número 3 do artigo 1 do catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 166/1986, do 4 de xuño, queda redactado do seguinte xeito:

«As máquinas recreativas e de azar. Tipos A, A especial, B e C.».

Artigo 2º

O artigo 2 do catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 166/1986, do 4 de xuño, queda redactado do seguinte xeito:

«Quedan incluídos no catálogo os xogos a que se refire o artigo 6 a) da Lei reguladora, séndolles de aplicación directa as definicións contidas na orde do Ministerio do Interior do 9 de outubro de 1979, pola que se aproba o catálogo de xogos. Esta orde será de directa aplicación salvo no que fai referencia ao xogo do póker, para o que se publicará un regulamento nos termos previstos pola Lei reguladora dos xogos e apostas de Galicia.».

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto no presente decreto.

Disposición transitoria

O xogo do póker non poderá ser practicado nos casinos de Galicia en tanto non se publique e estea vixente o regulamento do xogo do póker en Galicia.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, tres de febreiro de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús C. Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

Decreto 30/2005, do 10 de febreiro, polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de alargamento e acondicionamento da estrada provincial 3608 de Feira do Dous en Serantes a Doniños, punto quilométrico 0 ao punto quilométrico 1,20 (termo municipal de Ferrol).

A Deputación Provincial da Coruña, en sesión do día trinta de xullo de dous mil catro, aprobou o proxecto de alargamento e acondicionamento da estrada provincial 3608 de Feira do Dous en Serantes a Doniños, punto quilométrico 0 ao punto quilométrico 1,20, e na sesión do vinte e cinco de novembro de dous mil catro acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.